

## XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2016

### **Apróbase/acórdase por asentimento<sup>1</sup>:**

1. A acta da reunión ordinaria do día 28 de outubro de 2016.
2. A actualización dos anexos I, IV e V do Manual de Calidade da Facultade de Dereito.
3. Elevar á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado, en cumprimento do procedemento de Docencia DO-0101 P1 ÍNDICE05 “Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais”, a proposta de someter o Grao en Dereito á renovación da súa acreditación no curso académico 2016-2017, previamente validada pola Comisión de Calidade do centro na súa reunión celebrada o día 20 de decembro de 2016.
4. As propostas de modificacións no substanciais do título de Graduado en Dereito pola Universidade de Vigo -cambios menores que melloran o título e que a universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento-. Estes cambios recóllense nos informes de seguimento e incorpóranse á memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.
5. O Plan de mellora provisional do centro e da titulación do Grao en Dereito da Facultade de Dereito do curso 2016-2017 e o seguimento do Plan de mellora do curso 2015-2016.
6. O Informe provisional de autoavaliación de acreditación do Grao en Dereito.
7. O Informe provisional de Revisión do sistema pola Dirección do curso 2015-16.
8. O Regulamento para a elaboración de TFM da Facultade de Dereito tendo en conta o acordo da Comisión Permanente de 20 de decembro de revisar só os erros formais detectados e non introducir cambios de contido ou substanciais tendo en conta que é un Regulamento só aplicable ao Máster universitario en Avogacía e que previamente foi aprobado pola súa Comisión Académica.
9. A toma en consideración da modificación do Regulamento para a elaboración do TFG.
9. A renovación das Comisións delegadas e doutros órganos colexiados da Facultade (Sector de PDI non permanente e alumnado).
10. As solicitudes de informe sobre as actividades docentes para o recoñecemento de quinquenios presentadas polo profesorado.
11. A seguinte delegación de competencias na Comisión Permanente:
  - a) A aprobación dos documentos e informes de calidade definitivos, aprobados como provisionais, que figuraban no punto 3º da orde do día da convocatoria da Xunta de Facultade.
  - b) A actualización do Plan estratéxico da Facultade de Dereito.
  - c) A designación do representante do alumnado na Comisión de Calidade.

Ourense, 22 de decembro de 2016



Concepción Martínez Martínez  
Secretaria da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense celebrada o día 21 de decembro de 2016 se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 22 de decembro de 2016.



Concepción Martínez Martínez  
Secretaria da Facultade de Dereito

<sup>1</sup> Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.